3º El carácter público del terreno y su titularidad municipal no ofrece dudas al figurar con tal carácter en el Plano General del Acuerdo de concentración Parcelaria de Laro-Parada. Es sabido que los terrenos que como consecuencia de la concentración parcelaria pasan a ostentar la condición de públicos para servicio común, son cedidos "ope legis" al municipio correspondiente, en este caso ayuntamiento de Silleda".

A este escrito adxunta informe pericial suscrito polo enxeñeiro técnico agrícola D. Luis Fernández Fernández.

Solicita deste concello que incoe o oportuno expediente administrativo a fin de comprobar os feitos denunciados e requerir o denunciado para que cese na ocupación deste espazo público, e de non atender o requerimento se proceda legalmente para deixar expedito o dominio público.

Designase como domicilio para notificacións o do avogado don Alvaro Blanco López., na rúa Wenceslao Calvo Garra Nº8 1ºC de Lalín.

2- Con data 24 de setembro de 2012, tivo entrada neste concello, escrito suscrito por dona Felicitas Canabal Meijomence, rexistro entrada 5023, no que reiteraba o contido do escrito anterior, interesando que o concello de Silleda actúe, dados os graves perxuícios que sofre por seguir ocupado o camiño público.

Por todo o exposto propónse, A XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

1º- Incoar expediente administrativo a fin de comprobar a realidade dos feitos denunciados.

2º- Ordear a policía local, dándolles traslado da denuncia efectuada e informe pericial que a acompaña, para que proceda á comprobación dos feitos denunciados: existencia dun alpendre, acopios de pedras, materiais de construción e maquinaria, no camiño público que linda coa parcela Nº537 do plano xeral do Acordo de concentración parcelaria de Laro Parada, camiño polo que se accede á casa sinalada co número 20 do lugar de Pereira- Laro, así coma a identificación do autor de dita ocupación.

3º- Dado que o concello de Silleda carece de inventario ou catálogo de bens públicos, solicitar da consellería de política agroalimentaria e desenvolvemento rural, que indique os camiños ou espazos públicos que existen en torno as parcelas

537,538,539 segundo o plano xeral do acordo da zona de concentración parcelaria de Laro- Parada-Silleda (Pontevedra).

4º- Notificar esta resolución a dona Felicitas Canabal Meijomence no domicilio designado no seu escrito.”

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldesa (decreto 04-07-2011), por unanimidade dos presentes, e segundo o contido da proposta transcrita da Alcaldesa , acorda:

1º- Incoar expediente administrativo a fin de comprobar a realidade dos feitos denunciados.

2º- Ordear a policía local, dandolles traslado da denuncia efectuada e informe pericial que a acompaña, para que proceda á comprobación dos feitos denunciados: existencia dun alpendre, acopios de pedras, materiais de construción e maquinaria, no camiño público que linda coa parcela Nº537 do plano xeral do Acordo de concentración parcelaria de Laro Parada, camiño polo que se accede á casa sinalada co número 20 do lugar de Pereira- Laro, así coma a identificación do autor de dita ocupación.


3º- Dado que o concello de Silleda carece de inventario ou catálogo de bens públicos, solicitar da consellería de política agroalimentaria e desenvolvemento rural, que indique os camiños ou espazos públicos que existen en torno as parcelas 537,538,539 segundo o plano xeral do acordo da zona de concentración parcelaria de Laro-Parada-Silleda (Pontevedra).

4º- Notificar esta resolución a dona Felicitas Canabal Meijomence no domicilio designado no seu escrito.”

5.- MANUEL REGALADE SABORIDA SOBRE LEGALIDADE DE FOSA SÉPTICA. PROPOSTA DA ALCALDÍA.

Dase conta da proposta da Alcaldesa, que literalmente dí:

“Visto que con data 1 de setembro de 2012 tivo entrada no rexistro municipal (nº 4602), un recurso de reposición formalizado por D. Manuel Regalade Saborida, contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 19 de maio de 2011 polo que se concedía licenza a D. José Iglesias Regalade, para legalización dun muro de contención, peche de parcela e instalación dunha fosa séptica.



Visto que este recurso se basea na suposta ilegalidade das obras para as que se concedeu licenza, segundo o informe técnico de data 14 de abril de 2009, firmado por D. Lino Doporto Framil

Visto que no acordo da Xunta de Goberno Local que se recorre xa se fai referencia e se transcribe o informe técnico do asesor técnico municipal de data 10 de maio de 2011, que di literalmente:

"Solicitante: D. José Iglesias Regalade

Data de solicitude: 8 de xaneiro de 2009

Nº de Rexistro: 74

Obra: Legalización de muro de contención, cerre de parcela e instalación dunha fosa séptica.

Emprazamento: Lugar de Galán, nº19 parroquia de Laro (Silleda). Pontevedra

Proxecto técnico: Titulado "PROYECTO BÁSICO Y DE EJECUCIÓN DE MURO DE CONTENCIÓN, CIERRE DE PARCELA E INSTALACIÓN DE FOSA SÉPTICA", suscrito polo arquitecto técnico D. José Pereiras Sánchez e visado polo Colexio Oficial de Aparelladores e Arquitectos Técnicos de Pontevedra (Delegación de Pontevedra) en data 7 de xaneiro de 2009.

Oficio de dirección: Suscrito polo arquitecto técnico D. José Pereiras Sánchez, e visado polo Colexio Oficial de Aparelladores e Arquitectos Técnicos de Pontevedra (Delegación de Pontevedra) en data 7 de xaneiro de 2009..

Orzamento: 4.154,50 euros (execución material)

ANTECEDENTES:

1. *En data 8 de xaneiro de 2009 (rexistro de entrada 74), consta solicitude de licenza de obra para a construción dun muro de contención, cerre de parcela e instalación dunha fosa séptica en parcela empreada no lugar de Galán nº 19 parroquia de Laro -Silleda (Pontevedra); xúntanse coa solicitude proxecto básico e de execución suscrito polo arquitecto técnico D. José Pereiras Sánchez, e visado polo Colexio Oficial de Aparelladores e Arquitectos Técnicos de Pontevedra (Delegación de Pontevedra) en data 7 de xaneiro de 2009,. Asemade xúntase informe suscrito polo arquitecto técnico D. José Pereiras Sánchez en data 6 de febreiro de 2009 (non consta visado colegial), no que consta o que literalmente se trasncrive:*

"(...)

INFORME:

Personado en la finca propiedad del anteriormente citado D. José Iglesias Regalade, sita en el número 19 del Lugar de Galán, parroquia de Laro,

Ayuntamiento de Silleda, en la que pretende construir una fosa séptica, según se señala en la documentación técnica por mí redactada, se ha comprobado que la distancia entre el punto donde pretende ubicarse la fosa séptica, y la fuente existente en la parte alta de la finca, es de 31,80 metros (...)"

2. *En data 19 de febreiro de 2009 consta publicación no diario Faro de Vigo (edición de Deza) de anuncio no que se especifica que se somete a información pública o expediente de autorización previa para a "construcción dun muro de contención e instalación dunha fosa séptica, na finca nº 39 do plano de concentración parcelaria de Laro-Parada, situada no lugar de Galán, nº 19, parroquia de Laro (Silleda)".*
3. *En data 25 de febreiro de 2009 (rexistro de entrada 883), consta presentado por parte de D. Manuel Regalade Saborida alegación á mencionada solicitude, e con motivo do anuncio de información pública referido anteriormente. Xúntase co escrito unha fotografía, un plano de situación (sen escala) e copia de solicitude realizada ó Concello de Silleda en data 4 de decembro de 2008 (non consta rexistro de entrada).*
4. *En data 11 de marzo de 2009 (non consta rexistro de entrada), consta presentado anexo ó proxecto básico e de execución de referencia, suscrito polo arquitecto técnico D. José Pereiras Sánchez e visado polo Colexio Oficial de Aparelladores e Arquitectos Técnicos de Pontevedra (Delegación de Pontevedra) en data 26 de febreiro de 2009.*
5. *En data 3 de abril de 2009 (rexistro de entrada 1489), consta presentado por parte de D. Manuel Regalade Saborida novas alegacións á solicitude de licenza municipal para a construción dun muro de contención, cerre de parcela e instalación dunha fosa séptica en parcela emprazada no lugar de Galán, nº19, parroquia de Laro, Silleda (Pontevedra); xúntase ó escrito dúas fotografías realizadas en data 25 de marzo de 2009.*
6. *En data 14 de abril de 2009, consta informe técnico suscrito polo arquitecto asesor técnico do Concello de Silleda D. Lino Manuel Doporto Framil, en relación co solicitado e as alegacións presentadas, constando entre outro o que literalmente se transcribe:*

"(...)

*Cómpre indicar que durante o proceso de instrucción do expediente e as alegacións presentadas, púxose en coñecemento deste Concello que as obras para as que se solicita autorización autonómica, **xa están executadas**, como tamén se comprobou en visita ao terreo. Polo tanto este expediente constitúese en expediente de legalización sen prexuízo de ser necesario obturen calquera caso a autorización autonómica para a súa legalización.*

(...)

Dado que o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda actualmente en vigor non está adaptado á Lei de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural



de Galicia, coas sucesivas modificacións, segundo a Disposición Transitoria Primeira da mesma, o Solo onde se efectuaron as obras considérase solo rústico, e nese caso, segundo os artigos 33 e 36 da mesma Lei do Solo, os movementos de terras e muros de contención están suxeitos a autorización Autonómica, polo que deberá darse traslado do expediente completo, xunto coas súas alegacións, á Delegación Provincial da Consellería de Ordenación do Territorio, Obras Públicas e Urbanismo, a fin de que esta se pronuncie sobre a autorización autonómica previa á licenza municipal" (...)

7. *En data 23 de abril de 2009, a Xunta de Goberno Local do Concello de Silleda acordou dar traslado do expediente completo, xunto coas súas alegacións, á Delegación Provincial da Consellería de Ordenación do Territorio, Obras Públicas e Urbanismo, a fin de que esta se pronuncie sobre a autorización autonómica previa á licenza municipal.*
8. *En data 17 de setembro de 2009 (registro de entrada 4415), consta escrito remitido polo Servizo de Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia (departamento territorial) no que se solicita unha serie de documentación ó Concello e ao promotor das obras.*
9. *En data 14 de outubro de 2009 (registro de entrada 4900), consta presentado anexo ó proxecto básico e de execución de muro de contención, cerre de parcela e instalación de fosa séptica suscrito polo arquitecto técnico D. José Pereiras Sánchez e visado polo Colexio Oficial de Aparelladores e Arquitectos Técnicos de Pontevedra (Delegación de Pontevedra) en data 28 de setembro de 2009, certificación gráfica e descriptiva da parecela, copia da escritura de propiedade da parcela e compromiso previsto no artigo 42 da Lei 9/2002 asinado polo promotor, e todo elo en resposta ó requerimento referenciado anteriormente.*
10. *En data 15 de outubro de 2009, consta informe técnico suscrito polo arquitecto asesor técnico do Concello de Silleda D. Lino Manuel Doporto Framil, en resposta ó requerimento referenciado no punto 8, constado entre outros o que literalmente se transcribe:*

"(...)

Non consta no arquivo deste Departamento que exista licenza algunha concedida para as edificacións ubicadas nesta parcela, porén na foto de voo americano do ano 1975 nº 248-D, da que se adxunta copia, aparece unha construción nesta parcela que coincide sensiblemente coa traza da vivenda actual.

(...)"

11. *En data 22 de febreiro de 2010 (registro de entrada 746), consta novo escrito remitido polo Servizo de Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente,*

Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia (departamento territorial) no que se solicita unha serie de documentación ó Concello.

12. *En data 23 de febreiro de 2010, consta informe técnico suscrito polo arquitecto asesor técnico do Concello de Silleda D. Lino Manuel Doporto Framil, en resposta ó requerimento referenciado anteriormente, ó que se lle xunta copia dos planos do acordo previo da concentración parcelaria, da que foron entregadas as bases definitivas o día 7/06/1986.*
13. *En data 4 de abril de 2011 (rexistro de entrada 1415) consta escrito remitido polo Servizo de Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia (departamento territorial) no que consta entre outros o que literalmente se transcribe:*

"Con data 15 de maio de 2009, tivo entrada neste servizo, expediente de autorización previa, prevista no artigo 41 da LOUG, a instancia de D. José Iglesiario Regalade, para a construción dun muro de contención no lugar de Galán, nº 19-Laro. De acordo coa modificación da LOUG, introducida pola Lei 2/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, as actuacións propostas, de acordo cos artigos 36 e seguintes do mesmo texto legal, non precisan autorización autonómica previa á obtención da licenza urbanística municipal. Polo exposto, procédese á devolución do expediente a ese Concello".

14. *En data 9 de maio de 2011 (rexistro de entrada 1923), consta presentado certificado de estanqueidade de fosa séptica e canalizacións que acometen a mesma, suscrito polo arquitecto técnico D. José Pereiras Sánchez en data 4 de maio de 2011.*

INFORME TÉCNICO:

1. *De acordo co establecido no artigo 195.3 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e posteriores modificacións, a obra solicitada considérase como MAIOR.*
2. *O solo da finca na que se atopa a obra que se pretende legalizar, ten as seguintes condicións urbanísticas:
-Clasificación do Solo: **SOLO RÚSTICO** según a Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e posteriores modificacións.*
3. *Segundo o artigo 33 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e posteriores modificacións, en relación ós usos e actividades posibles en solo rústico, consta o que literalmente se transcribe*

"(...)



2. *Actividades e usos construtivos:*

(...)

i) *Muros de contención, así como cerramentos ou valado de predios.*

(...)

f) *Instalacións necesarias para os servizos técnicos de telecomunicacións, a infraestrutura hidráulica e as redes de transporte, distribución e evacuación de enerxía eléctrica, gas, abastecemento de auga e saneamento, sempre que non impliquen a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorren.*

(...)"

5. *Segundo o disposto nos artigos 36 e 37 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e posteriores modificacións, e tendo en conta asemade o especificado no punto 13 dos antecedentes, trátase duns usos que non precisan autorización autonómica.*

6. *En relación ás características estéticas e constructivas e os materiais, as cores e os acabado sinaladas no artigo 42 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e posteriores modificacións, consta no punto 3 do anexo ó proxecto básico e de execución de muro de contención, cerre de parcela e instalación de fosa séptica suscrito polo arquitecto técnico D. José Pereiras Sánchez e visado polo Colexio Oficial de Aparelladores e Arquitectos Técnicos de Pontevedra (Delegación de Pontevedra) en data 28 de setembro de 2009, o que literalmente se transcribe:*

"(...)

El muro objeto del presente proyecto, se le pretende dar un acabado en pintura lista plástica de color blanca u ocre para exteriores, siendo similar a la utilizada en las demás edificaciones existentes en el lugar de Galán. Mientras que el cierre se realizará mediante tubos metálicos lacados y malla metálica plastificada en color verde.

(...)"

7. *En relación á conveniencia da execución do muro de contención, consta no punto 2 do anexo ó proxecto básico de execución referido no punto anterior, o que literalmente se transcribe:*

"(...)

En este caso se realiza el muro de contención, considerando las características topográficas de la parcela, dado que el camino público se encuentra un nivel más bajo que la parcela, y para evitar los desprendimientos de tierra vegetal al camino, se adopta la solución de la construcción del muro de contención de hormigón de características y dimensiones indicadas en el proyecto técnico, sobre el muro se

*realiza también el cierre de la parcela con frente al camino, siendo a base de tubos metálicos y malla plastificada de color verde.
(...)"*

8. *Segundo o artigo 99 do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda:*

"d) Como norma xeral os cerres de obra de fábrica, postes de tendido eléctrico e demais elementos constructivos poderán autorizarse a SEIS metros do eixo do camiño e en todo caso a TRES metros do borde ou arista exterior da explanación..."

e) Cando os cerres de obra de fábrica ou desmontables, postes de tendido eléctrico e demais elementos constructivos, se soliciten co compromiso de derribo ou traslado por conta do propietario, o Concello poderá autorizalos neste caso a TRES metros do eixo do camiño e en todo caso a UN metro da arista exterior da explanación ou cuneta respectiva. O Concello en base a necesidades de ampliación de infraestrutura, implantación de servicios, etc., poderá ordenar o derribo ou traslado dos cerres, postes e demais elementos constructivos con cargo ós propietarios neste caso e sin que estes poidan alegar dereito a reclamación ou indemnización de ningunha clase sobre os mesmos.

f) Nas zonas onde existan interseccións de camiños e nunha distancia de VINTECINCO metros nos accesos que o forman, os retranqueos mínimos anteriormente definidos para camiños rurais, tanto como para edificacións como para cerramentos e demais elementos constructivos aumentarase en UN metro en tódolos casos a efectos de visibilidade e seguridade na circulación de vehículos e persoas.

9. *Segundo o artigo 42.1.d) da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e posteriores modificacións, en relación ás condicións de posición e implantación das construcións en solo rústico, e en concreto para a fosa séptica, consta o que literalmente se transcribe:*

"(...)

Os recuamentos das construcións aos lindes da parcela deberán garantir a condición de illamento e en ningún caso poderán ser inferiores a 5 metros.

(...)"

10. *A tal efecto, no anexo ó proxecto básico e de execución de referencia, suscrito polo arquitecto técnico D. José Pereiras Sánchez e vistado polo Colexio Oficial de Aparelladores e Arquitectos Técnicos de Pontevedra (Delegación de Pontevedra) en data 26 de febreiro de 2009, consta que a fosa séptica atópase a unha distancia de 5,00 metros con respecto ó resto dos lindeiros.*



11. *Polo que respecta á delimitación de responsabilidades, os deterioros do medio físico ou calesquera producidos como consecuencia das obras realizadas, serán responsabilidade do promotor das obras.*

*Por todo o anteriormente exposto, os técnicos que suscriben consideran que o proxecto básico e de execución e anexos de modificacións ó mesmo presentados, non contradí a Normativa urbanística autonómica e municipal, **POLO QUE ESTÍMASE OPORTUNA A LEGALIZACIÓN DAS OBRAS EXECUTADAS, CON SUXECCIÓN ÁS ANTERIORES DETERMINACIÓN.***

O que se informa ós efectos oportunos desde o punto de vista técnico ao leal saber e entender dos técnicos que suscriben, sen perxuízo doutro mellor fundamentado.

Silleda, 10 de maio de 2011

Polo departamento técnico de Urbanismo, Vías e Obras

O arquitecto asesor técnico, José Luis Rodríguez González

O arquitecto técnico municipal, José Antonio Presas Ferreiro

*Visto que neste informe téñense en conta a totalidade dos documentos obrantes no expediente, incluídas as alegacións realizadas por D. Manuel Regalade Saborida, e concluindo os técnicos suscribintes: "Por todo o anteriormente exposto, os técnicos que suscriben consideran que o proxecto básico e de execución e anexos de modificacións ó mesmo presentados, non contradí a Normativa urbanística autonómica e municipal, **POLO QUE ESTÍMASE OPORTUNA A LEGALIZACIÓN DAS OBRAS EXECUTADAS, CON SUXECCIÓN ÁS ANTERIORES DETERMINACIÓN.***

PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DOS SEGUINTE ACORDOS:

PRIMEIRO.- Desestimar o recurso de reposición presentado por D. Manuel Regalade Saborida en data 1 de setembro de 2012 por basearse no contido do informe técnico de data 14 de abril de 2009, cando posteriormente se emitiu informe técnico de data 10 de maio de 2011 no que se estimaba oportuna oportuna a legalización das obras executadas por D. José Iglesias Regalade.

SEGUNDO. -Notificar esta resolución a D. Manuel Regalade Saborida"

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldesa (Decreto 04-07-2011) por unanimidade dos presentes, e segundo o contido da proposta transcrita da Alcaldesa , acorda:

PRIMEIRO. - Desestimar o recurso de reposición presentado por D. Manuel Regalade Saborida en data 1 de setembro de 2012 por basearse no contido do informe técnico de data 14 de abril de 2009, cando posteriormente se emitiu informe técnico de data 10 de maio de 2011 no que se estimaba oportuna oportuna a legalización das obras executadas por D. José Iglesias Regalade.

SEGUNDO. -Notificar esta resolución a D. Manuel Regalade Saborida.

Incorpórase á sesión nestes momentos a Interventora do Concello.

6.- RESOLUCIÓN SUBVENCIONS DE DEPORTES. PROPOSTA DE KLAUS BREY.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldesa(decreto 04-07-2011), por unanimidade dos presentes acorda:

Dase conta da proposta do Concelleiro de Deportes, Industria e Comercio, Klaus Brey Montaña, de data 06 de novembro de 2012, que literalmente dí:

“SUBVENCIONS PARA ENTIDADES DEPORTIVAS DO CONCELLO DE SILLEDA, ANO 2012.

De acordo co anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, num. 150, onde se establecen as Bases específicas reguladoras da convocatoria para o outorgamento de subvencións para entidades deportivas do Concello de Silleda, levouse a cabo o proceso de revisión da documentación e análise dos criterios establecidos nas citadas bases para a concesión de subvencións e a súa contía. Estes criterios concréntanse do seguinte xeito:

- 1. Fomento do deporte base e das escolas deportivas (prebenxamíns, benxamíns, alevíns, cadetes, infantís e subvenís): Ata 30 puntos.*
- 2. Condicións das instalacións deportivas onde practican a actividade o clube ou entidade: Ata 10 puntos.*
- 3. Valoraras e se o clube ou entidade se fai cargo do mantemento das instalacións: Ata 10 puntos.*
- 4. Número de deportistas federado s, afiliados ao clube ou entidade:*
 - De 1 a 15: 1 punto.*
 - De 16 a 35: 5 puntos.*
 - Máis de 35: 10 puntos.*
- 5. Número de actividades realizadas durante o exercicio: Ata 10 puntos.*

6. *Interese xeral da actividade a realizar: Ata 10 puntos.*

O número de entidades que concorreron a esta convocatoria ascende a 8:

- S.D. Silleda
- S. D. Bandeira C. F.
- C. F. Lamela
- C. F. Laro
- Clube deportivo Toxarco
- Asociación Feiral Semana Verde de Galicia
- ANP A Brincadeira
- Clube Petanca Bandeira

O cadro de puntuacións de acordo cos criterios establecidos para a adxudicación das subvencións e a contía de cada unha delas, quedou constituído do seguinte xeito:

Criterios de puntuación Subvencións a Entidades e Clubes deportivos do Concello de Silleda.

Fomento do deporte base e das escolas deportivas (prebenxamíns, benxamíns, alevíns, cadetes, infantís e xuvenís): Ata 30 puntos.

Neste posto, outorgáronse 5 puntos á Sociedade Deportiva Silleda e ao C.F. Bandeira S.D., xa que ámbolos dous contan con equipos nas categorías inferiores e fomentan o fútbol base.

No caso do resto das entidades deportivas de fútbol non contan con categorías de fútbol base.

Tanto o clube petanca Bandeira como o Clube deportivo Toxarco non contan con escola deportiva nin deporte de base en ningunha das súas categorías.

Condicións das instalacións deportivas onde practican a actividade o clube ou entidade: Ata 10 puntos.

En canto a este criterio, os puntos para as entidades deportivas de fútbol de Laro, Silleda e Lamela foron repartidos de xeito igualitario, non tendo ningún punto:

- *A S.D. Silleda conta cun campo de fútbol de herba, con modernas instalacións e coa atención case exclusiva de dous traballadores municipais do departamento de deportes.*

- *O C.F. Laro e o C.F. Lamela contan con campos en boas condicións, con campo de herba natural e boas instalacións.*

A Sociedade Deportiva Bandeira Clube de Fútbol, presenta unhas instalacións deficitarias, con campo de terra e construcións deficientes. É por isto polo que se lle outorga a puntuación máxima, 10 puntos.

A entidade Toxarco non conta con instalacións, polo que este criterio non é válido para calificar este club e deportivo; deste xeito, conta cunha puntuación de cero puntos.

No caso do Clube Petanca Bandeira, a puntuación tamén é de cero puntos, xa que conta cunhas boas instalacións onde levar a cabo as súas actividades, con carpa e chan adecuada ao quefacer deste deporte.

Valorarase se o clube ou entidade se fai cargo do mantemento das instalacións: Ata 10 puntos.

A S.D. Silleda ten unha puntuación de cero puntos xa que non se encarga do mantemento das instalacións.

A entidade deportiva de fútbol de Bandeira, leva un total de 10 puntos xa que se encarga do total mantemento das instalacións: pintado de campo, pase de grade, limpeza ...

O C.F. Laro e o C.F. Lamela, do mesmo xeito, contan con 10 puntos en ámbolos dous casos, xa que o mantemento das instalacións corre ao seu cargo sendo o clube o que se encarga do abonado do campo, da limpeza, do control do riego ...

Toxarco non conta con instalacións, polo que non puntúa neste apartado.

O Clube de Petanca leva un total de 6 puntos, xa que se encarga do mantemento das instalacións, pero o campo e a construción que conforma estas instalacións requiren dun mantemento moito menor que as instalacións dos clubs de fútbol.

Número de deportistas federados, afiliados ao clube ou entidade.

Este criterio avalíase o estipulado nas bases, comprobando o número de afiliados de cada clube e outorgando a puntuación segundo o establecido.

Número de actividades realizadas durante o exercicio: Ata 10 puntos.



Os clubs de fútbol de Bandeira e Silleda contan coa puntuación máxima, 10 puntos, xa que presentan un maior número de actividade ao ter máis categorías.

Lamela e Laro contan con 5 puntos en cada caso, porque teñen menos categorías que no caso dos anteriores, polo que a actividade se reduce considerablemente.

O clube Petanca de Bandeira conta con actividades centradas na participación da liga de petanca e a organización do Campionato de petanca durante as festas patronais de Bandeira. Contabilizando estas actividades, a puntuación que se lle outorgou é de 5 puntos.

Toxarco non conta con actividades fóra de participacións individuais dos seus afiliados, polo que non se contabilizan para este punto.

Interese xeral da actividade a realizar: Ata 10 puntos.

Outorgáronse 9 puntos a todas e cada unha das entidades de fútbol que solicitaron a subvención, xa que realizan actividades nas que a participación e expectación de veciños do municipio é notable.

O clube deportivo Toxarco levou un total de 2 puntos, xa que é unha actividade que está comezando e, de momento, non conta con moitos seguidores en canto a este deporte se refire.

O clube petanca Bandeira ten outorgados 4 puntos xa que, aínda moi por debaixo do fútbol, é un deporte moi seguido no noso Concello, contando con equipos punteiros na liga, e seguidores de tódalas idades, chegando a reunir no Campionato das festas patronais de Bandeira a máis de 300 persoas entre xogadores e aficionados.

Entidade ou Clube	Fomento do deporte base e escolas deportivas	Condicións das instalacións deportivas onde practica a súa actividade	Valoración se o clube se fai cargo do mantemento das instalacións	Número de deportistas federados afiliados	Número de actividades realizadas durante o exercicio	Interese xeral da actividade a realizar	TOTAL
S.D. Silleda	5	0	0	10	10	9	34
S.D. Bandeira C.F.	5	10	10	10	10	9	54
C.F. Lamela	0	0	10	5	9	9	33
C.F. Laro	0	0	10	5	9	9	33

Clube deportivo Toxarco	0	0	0	1	0	2	3
Clube petanca Bandeira	0	0	6	5	5	4	20
Asociación Feiral Semana Verde *	-	-	-	-	-	-	-
ANPA Brincadeira *	-	-	-	-	-	-	-

** A Asociación Feiral Semana Verde de Galicia e a ANPA Bandeira quedan excluídas desta convocatoria xa que non cumpren as condicións establecidas nas bases para poder optar a esta subvención, ao non ser clube ou entidade deportiva local de carácter federado; tal e como especificaba nos pregos de condicións para poder ser beneficiarios.*

TOTAL PUNTOS: 177 puntos.

TOTAL SUBVENCIÓN: 13.000 €

13.000 / 177 = 73,45 €/punto.

De acordo a esta puntuación, proponse outorgar as seguintes contías ás entidades presentadas á convocatoria:

<i>Entidade</i>	<i>Puntos Totais</i>	<i>Contía</i>
<i>S.D. Silleda</i>	<i>34</i>	<i>2.497,30 €</i>
<i>S.D. Bandeira C.F.</i>	<i>54</i>	<i>3.966,30 €</i>
<i>C.F. Lamela</i>	<i>33</i>	<i>2.423,85 €</i>
<i>C.F. Laro</i>	<i>33</i>	<i>2.423,85 €</i>
<i>Clube Petanca Bandeira</i>	<i>20</i>	<i>1.469 €</i>
<i>Clube Deportivo Toxarco</i>	<i>3</i>	<i>220,35 €"</i>

Visto o informe de Intervención, de data 08 de novembro de 2012, en relación a xustificación de subvencións, que entre outros sinala "A Certificación da Federación correspondente do número de deportistas federados pertencentes ó clube ou entidade, esixido polo artigo 4.g), non consta na documentación presentada pola Sociedade deportiva Silleda nen no Clube deportivo Toxarco. Polo tanto, non quedaría xustificada a puntuación concedida a estes clubes por este concepto."

deben presentar documentación que sexa precisa previamente á xustificación para subsanar as deficiencias a Sociedade Deportiva Silleda e Clube Deportivo Toxarco.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldesa(decreto 04-07-2011), visto o informe da interventora do concello de data 08 de novembro de 2012, segundo a proposta do concelleiro de deportes Klaus Brey de data 06 de novembro de 2012, unanimidade dos presentes acorda:

Outorgar as seguintes contías ás entidades presentadas á convocatoria:

Entidade	Puntos Totais	Contía
S.D. Silleda	34	2.497,30 €
S.D. Bandeira C.F.	54	3.966,30 €
C.F. Lamela	33	2.423,85 €
C.F. Laro	33	2.423,85 €
Clube Petanca Bandeira	20	1.469 €
Clube Deportivo Toxarco	3	220,35 €"

Segundo o informe da interventora do concello de data 08 de novembro de 2012 no que indica que "A Certificación da Federación correspondente do número de deportistas federados pertencentes ó clube ou entidade, esixido polo artigo 4.g), non consta na documentación presentada pola Sociedade deportiva Silleda nen no Clube deportivo Toxarco." , en relación á xustificación da subvención debe presentarse a documentación que sexa precisa previamente á xustificación, para subsanar deficiencias , estas entidades : S.D. Silleda e Clube deportivo Toxarco, segundo así se indica.

Denegar a subvención a estas entidades , segundo a proposta de 06 de novembro de 2012 do concelleiro de deportes :

A Asociación Feiral Semana Verde de Galicia e a ANPA Bandeira quedan excluídas desta convocatoria xa que non cumpren as condicións establecidas nas bases para poder optar a esta subvención, ao non ser clube ou entidade deportiva local de carácter federado; tal e como especificaba nos pregos de condicións para poder ser beneficiarios.

O Concelleiro do Grupo Mixto, Matías Rodríguez da Torre, pide que conste en acta que hai dous colectivos excluídos na proposta, que non se lles concede subvención por

non estar federados, e quere que en sucesivas convocatorias de subvencións deportivas se teña en conta que poidan estar incluídas outras asociacións que aínda non sendo clubs federados si poidan realizar actividades deportivas de interese xeral.

A Alcaldesa pide que conste en acta que a subvencións déronse según as bases aprobadas en Xunta de Goberno Local para esto.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Sra. Alcaldesa levántase a sesión as catorce horas e dez minutos, extendéndose a presente acta, do que como secretaria xeral, dou fe e certifico.

Silleda, a 08 de novembro de 2012.

Vº e. Prace

A ALCALDESA,

Asdo. Paula Fernández Pena

Dou fe. A secretaria xeral

Asdo. Cristina Alonso Losada